



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA SELECTIVO DE OPOSICIÓN LIBRE, DE SEIS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, UNHA DELAS POLA COTA DE MOBILIDADE INTERADMINISTRATIVA POLO SISTEMA DE CONCURSO, SEGUNDO AS BASES DA OFERTA DE EMPREGO CORRESPONDENTE AOS ANOS 2015-2016 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E AS BASES ESPECÍFICAS, PUBLICADAS NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA (BOP) DA CORUÑA DE 2 DE XUÑO DE 2017

ANUNCIO DE CONVOCATORIA PARA A SEGUNDA PROBA (COÑECEMENTOS)

De conformidade co acordado polo Tribunal Cualificador, convócase aos aspirantes que resultaron aptos tras a realización da primeira proba (aptitude física) da convocatoria arriba citada, para a realización da SEGUNDA PROBA: **AVALIACIÓN DE COÑECEMENTOS**

DÍA CELEBRACIÓN: MARTES, 9 DE OUTUBRO DE 2018
HORARIO DA PROBA: 13:00 HORAS
LUGAR CELEBRACIÓN: Edificio CERSIA
Rúa Alcalde Raimundo López Pol s/n
15707 Santiago de Compostela

A proba consistirá nun cuestionario tipo test de 100 preguntas do temario publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de 2 de xuño de 2017, BOP número 103, con catro respostas alternativas a realizar nun tempo máximo de dúas horas. A proba será valorada de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superala, e a cualificación farase atendendo á fórmula $N=(A-F/3)/10$, sendo N=Nota final da proba, A=Preguntas acertadas, F=Preguntas falladas ou non respondidas.

Os aspirantes deberán acudir provistos do DNI orixinal e con bolígrafo de tinta azul.

Non se permitirá o acceso de dispositivos electrónicos nin auriculares. Os móbiles deberán permanecer apagados desde o acceso á proba.

No caso de omitir ou incumprir algunha das instrucións indicadas, o aspirante poderá ser expulsado.

O que se publica no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018

A SECRETARIA DO TRIBUNAL

Suplente: María del Puerto Fontán Rodríguez

